

## A CONSTITUCIÓN DO SISTEMA EDUCATIVO LIBERAL. OS COMEZOS DO ENSINO SECUNDARIO NO SÉCULO XIX.

---

*Anxo Serafín Porto Ucha*

Apoiándose nos libros básicos e xerais de GIL DE ZARATE (1855) e CASTRO Y MARCOS (1927), no “Boletín de Instrucción Pública” e no do Ministerio de Comercio, Instrucción e Obras Públicas, así como en Memorias ou estudos particulares sobre institutos concretos como fonte de obtención de datos, VIÑAO FRAGO (1982, pp. 397 e ss.) traxaba un cadro cronolóxico do proceso de creación da nova educación secundaria pública en España, coa especificación da relación de institutos creados e/ou postos en funcionamento. Despois do de Lugo, en 1842 -o 150 aniversario da súa posta en marcha foi conmemorada, cunha interesante publicación ó respecto (VV.AA., 1994)-, en 1845 sinala a creación dos institutos de Ourense, Pontevedra e Santiago, se ben para este último indica que, integrado na Universidade, segundo PEDRET CASADO (1946, p. XIV) non foi “creado” ata 1848, anque -apunta Viñao- quizais fixera referencia a súa entrada en funcionamento. Concretamente, a cita de PEDRET CASADO di:

“Por este tiempo eran más de quinientos los estudiantes de nuestra Universidad, y aumentaban de año en año. La escasez de aulas, que estaban todas en el Colegio de Fonseca a excepción de las de Artes, situadas en el de San Jerónimo, y las cuatro de Gramática, que estuvieron en el edificio levantado por el Arzobispo Don José del Yermo en el tercer decenio del siglo XVII para Casa de Ejercicios hasta que la ocupó el Instituto de Segunda Enseñanza, creado en 1848”.

Por outra frase, máis adiante (p. XVIII), do mesmo Pedret, sabémo-lo nome do primeiro Director:

“El Doctor Losada Rodríguez, con el primer Director que tuvo el Instituto de Segunda Enseñanza de Santiago, Doctor José López Amarante, y el oficial de la Secretaría de la Universidad (...), fueron los inspiradores del resumen de la Historia de la Universidad (...), que mandó imprimir el inolvidable Rector Viñas”.

En “A formación de selectos: Notas para o estudo do ensino secundario en Galicia”, BARREIRO FERNANDEZ indica tamén o ano 1845 como data de creación dos tres referi-

dos institutos. No caso de Santiago, di que o Instituto “xorde ó abeiro da Universidade, no edificio central da mesma tiña a súa sede, independizándose no ano 1857 en que se traslada ó edificio dos Exercitantes, contiguo á Universidade, ata hai pouco sede da Facultade de Filoloxía” (1991, p. 136).

Pola súa banda, MADDOZ (1849, t. VI, p. 820), ó falar do instituto de segunda ensinanza e das cátedras da Universidade en Santiago, na lista de matrícula para o curso 1847-48 inclúe 450 alumnos en Filosofía (de institutos), á parte dos 98 matriculados nos Colexios agregados á Universidade. Respecto a estes últimos, hai que ter en conta que, por exemplo, xa dende 1843 funcionaba en Pontevedra, no ex-convento da Compañía, un Colexio Oficial de Humanidades (que sería absorbido polo Instituto coa súa creación), dependente da Universidade Literaria de Santiago (PORTO UCHA, 1995, p. 225). No cadro-resume que Madoz ofrece na páxina anterior á citada, sobre o estado da ensinanza no quinquenio 1842-47, figuran soamente datos referentes á Universidade, colexios e seminarios, que si conceden os grados de doctor, licenciado e bacharel.



En 1857 o Instituto de Santiago pasou a este edificio, chamado Casa de Exercicios

Pois ben, tomando como data de creación do Instituto de Santiago de Compostela a de 1845, polo demais xa confirmada tamén na Tesiña de Licenciatura de FARIÑA CASALDARNOS (1985)<sup>1</sup> e na lembranza, polo tanto, do 150 aniversario da súa andaina, imos tra-

(1) A Tesiña de Licenciatura de M<sup>a</sup> del C. FARIÑA CASALDARNOS: *La enseñanza secundaria en Santiago. El Instituto A. Gelmírez (1845-1857). Estudio documental*. Universidade de Santiago, 1985 (Director Herminio Barreiro Rodríguez) permanece lamentablemente, cando escribimos estas notas, aínda sen publicar. Contamos, si, con outros traballos da autora: “El profesorado y su situación profesional. Un estudio realizado a través del Archivo del Instituto Gelmírez de Santiago”, *Materiais Pedagóxicos*, 2 (1986), 29-34; “La cátedra de latinidad a través de los planes de estudio (1845-1852)”, *Historia de la Educación*, 6 (1987), 183-191. No Libro de Conferencias organizadas polo Instituto de Bacharelato Arcebispo Xelmírez I, con motivo do 150 aniversario da ensinanza “media” compostelana (nós preferimos falar de “segunda” ensinanza) anúnciase, entre outros traballos que esperamos sexan publicados, a conferencia de A. COSTA RICO “A educación secundaria en Galicia: O Instituto Xelmírez na historia”, que pode aportar máis datos.

zar unhas notas sobre os inicios do ensino secundario no século XIX<sup>2</sup>. Dende o punto de vista lexislativo, utilizamos como fonte primaria de información os Textos e Documentos da *Historia de la Educación en España*, en edición de peto do MEC (1979, 1982), especialmente os tomos I, II e III.

## 1. A CONSOLIDACIÓN DA SEGUNDA ENSINANZA

En rigor, non pode falarse da existencia dun sistema educativo, especialmente no que respecta á educación elemental e secundaria, no Antigo Réxime. O feito de tratarse dunha estrutura basicamente estamental, impide que a educación reciba un tratamento nacional.

Sen embargo, anque sexa en precario, a educación elemental existía xa no século XVIII, e aínda máis atrás. Por un lado, a nobreza educaba ós seus fillos mediante preceptores; a Igrexa mantiña tamén as escolas monásticas anexas ós conventos; finalmente, os concellos sostiñan escolas primarias, a cargo, iso si, de mestres mal pagados e de moi pouca formación.

Tampouco a educación secundaria tiña substantividade propia, concebida unicamente como preparación para os estudos superiores. O ensino equivalente á nosa ensinanza secundaria reducíase a ter uns coñecementos de Gramática Latina e Española, para poder ingresar na Universidade (BARREIRO FERNANDEZ, 1982, p. 68). Só a Universidade, impartía a ensinanza dun modo sistemático (PUELLES BENITEZ, 1980, pp. 19 e ss.). Para a historia queda o famoso **dómine**, do que durante tres séculos houbo tantos retratos na literatura española (RUIZ BERRIO, 1988, pp. 184-85).

Mentras que a educación dos séculos XVI e XVII dirixíase fundamentalmente ó príncipe, no que a literatura política se refire (RUIZ BERRIO e NEGRIN FAJARDO, 1974, III/5), as obras dos ilustrados van dirixidas á educación do pobo. A preocupación por renovalos contidos de instrucción, incorporando saberes útiles, convírtese nunha constante inquietude; aparece tanto na *Memoria sobre la educación pública*, de JOVELLANOS, na *Instrucción reservada para la dirección de la Junta de Estado*, de FLORIDABLANCA como no *Discurso sobre la educación popular de los artesanos*, de CAMPOMANES (SANCHEZ AGESTA, 1953, p. 99).

Por outro lado, o espectro da Revolución Francesa vai exercer influencia en España. A Revolución marcou o inicio das bases da educación nacional en distintos países, caracterizada polas notas de **obligatoriedade, gratuidade, uniformidade, universalidade, liberdade e laicismo**. Na medida en que se desmonta un sistema educativo en función do súbdito e se sentan as bases dun novo sistema de educación en función do cidadán, comeza o desenvolvemento da administración escolar.

A fe na instrucción pública como instrumento de renovación e de reforma, e a crenza na democracia e na necesidade dunha educación para a liberdade son unha herdanza que o liberalismo español recolle da Ilustración e da Revolución de 1789. Conscientes da importancia da educación, os liberais españoles dedicaron o título IX da Constitución de Cádiz (1812) á instrucción pública. Os arts. 366 e 367 limítanse a respecta-la estrutura educativa

---

(2) Parte deste texto foi redactado para unha conferencia máis ampla, pronunciada o 21 de novembro de 1995 no I.B. "Valle Inclán" de Pontevedra, sobre "O Instituto no século XIX", dentro do ciclo de conferencias e actos programados en conmemoración do cento cincuenta aniversario da fundación do Instituto de Pontevedra.

existente, sen que a segunda ensinanza apareza aínda dun modo independente. Pero sinálase xa a obrigatoriedade de establecer escolas de primeiras letras en tódolos pobos da monarquía. O art. 368 destaca outro dos grandes obxectivos do liberalismo español: a uniformidade das ensinanzas. Para elo, quedaba establecida a Dirección Xeral de Estudos. O art. 370 fala da instrucción pública como competencia das Cortes que non representan ó Goberno, senón á nación. Finalmente, o art. 371 establece a liberdade de expresión.

Promulgada a Constitución, necesitábase a elaboración dunha lei xeral de instrucción pública que a desenvolvera. A tal fin, enviábase unha circular ás Universidades e constituíuse unha Xunta de Instrucción Pública, á que se lle encarga un informe, que redactaría o poeta Manuel José QUINTANA. Este *Informe para proponer los medios de proceder al arreglo de los diversos ramos de instrucción pública*, que contaba co antecedente de JOVELLANOS, nas súas *Bases para la formación de un Plan General de Instrucción Pública* (1809), foi convertido en norma legal en 1821. A influencia do *Rapport* de CONDORCET (1792) no traballo de Quintana vén sendo tema de estudio en distintos historiadores da educación. Nel, a educación “debe ser universal”, “debe ser uniforme”, “debe ser pública”, “debe ser gratuíta”, e “debe ser libre”. A chegada de Fernando VII, e o Decreto de 4/5/1814, que declaraba nulos a Constitución de Cádiz e os Decretos correspondentes, vai supoñe-la implantación do absolutismo, a volta ó Plan de 1771 e o retorno da ensinanza a mans da Igrexa, en especial da ensinanza primaria (RUIZ BERRIO, 1970, p. 56).

Dentro do contexto do **Trienio Liberal**, o 29 de xuño de 1821, as Cortes decretaban o Regulamento Xeral de Instrucción Pública. Por primeira vez dábase ó país a estruturación moderna da educación, de acordo cos principios liberais. O Informe Quintana, que servira de base fundamental para o proxecto de 1814, establecera, como dixemos antes, a necesidade dunha instrucción pública, universal, uniforme e gratuíta. Admitía, ademais, a liberdade de ensinanza.

Coa chegada do Regulamento de 1821, influenciado por Quintana, o sistema educativo divídese en tres niveis: primeira, segunda e terceira ensinanza. Aparecía por primeira vez a ordenación do sistema educativo español. Establecíase que en cada pobo con máis de 100 veciños habería unha escola pública de primeiras letras. A reacción absolutista de 1823 cortou o proceso. Sen embargo, sentáronse as bases da educación liberal que posteriormente concretaríase na Lei Moyano de 1857.

De acordo co Art. 22 do Regulamento de 1821, a segunda ensinanza proporcionaríase en establecementos calificados de **“Universidades de Provincia”** (art. 22), con un total de 15 asignaturas: Gramática Castelá, Gramática Latina, Xeografía e Cronoloxía, Literatura, Historia, Matemáticas, Física, Química, Mineraloxía e Xeoloxía, Botánica e Agricultura, Zooloxía, Lóxica e Gramática Xeral, Economía Política e Estatística, Moral e Dereito Natural e Dereito Público e Constitución.

O comezo da **“ominosa década”** caracterizouse pola inmediata derogación do Regulamento de 1821. En 1824 promulgouse no seu lugar o Plano literario de estudos e arreglo xeral das universidades do Reino, máis coñecido por Plano CALOMARDE, do que, por certo, foi autor o mercedario nado en Caldas de Reis, Manuel MARTINEZ FERRO, autor, así mesmo, da Ratio Studiorum que rexiu a Orde da Mercé dende 1817 ata a exclaustración (SILVA, 1926). Este Plano supuxo un gran retroceso. A súa finalidade era extirpa-lo pensamento liberal das universidades.

Durante a Rexencia de María Cristina (1833-1843), restableceuse a antiga Dirección

Xeral de Estudios e derogáronse os planos promulgados por Calomarde. Naceu, así, o Plano DUQUE DE RIVAS de 1836 de cortésima duración. Abandonouse o ideal da educación universal e gratuíta. A instrucción primaria pública divídese en elemental e superior. A segunda ensinanza, de carácter elitista, preparará soamente para o ensino superior. Divídese tamén en elemental e superior, sendo impartida en establecementos públicos chamados **Institutos** (art. 29 e 33) (MEC, 1979, pp. 124-126). O termo fora, sen embargo, utilizado por primeira vez en España por Jovellanos no seu Plano de 1809 (RUIZ BERRIO, 1988, p. 185); no Informe de Quintana figura o sinalado antes como “universidades de provincia (...) reunindo nunha escala máis completa e máis sistemática todo o que antes se chamaba estudios de humanidades e de filosofía” (MEC, 1979, p. 387). ENCISO RECIO sinala (en Int. a SANZ DIAZ, 1985, P. 17) que a orientación da Relixión era vacilante, anque aparece no plano de estudos como unha asignatura máis. Créase na capital do reino unha Escola Normal, con independencia das que poideran crearse nas provincias (VIÑAO FRAGO, 1982, pp. 193 e ss.). O Plano sinala as directrices do liberalismo moderado en educación.

Despois do fracaso do Proxecto de SOMERUELOS de 1838 e do de INFANTE de 1841, chegamos ó Plano PIDAL de 1845, do que don Antonio GIL DE ZARATE é considerado como autor e inspirador do proxecto definitivo. Neste Plano, a segunda ensinanza é considerada como “continuación da instrucción primaria” (art. 2º). De acordo co mesmo GIL DE ZARATE (1855, vol. II, pp. 23-24), a Segunda Ensinanza, como tal, non existira nunca en España.

Segundo o Plano de 1845, a segunda ensinanza dividíase en elemental e de ampliación. A primeira considerábase xeral, dirixida a todo estudante, sen consideración á carreira que logo ía seguir; a segunda era preparatoria de estudos superiores.

A elemental abarcaba 5 anos, coas asignaturas seguintes: Gramática Castelá, Latín, Relixión, Matemáticas, Historia, Xeografía, Francés, Filosofía e Física e Historia Natural. Como optativa, Debuxo. Rematábase co título de bacharel en Filosofía. Os de ampliación duraban como mínimo dous anos, especializándose en Letras ou Ciencias, co título de Licenciado en Filosofía en universidade menor. O bacharel en Filosofía podía ingresar nas facultades maiores: Teoloxía, Dereito, Farmacia ou Medicina.

A segunda ensinanza era cursada nos Institutos, que podían ser de tres categorías: de terceira, que impartían algunhas asignaturas da elemental; de segunda, que daban a elemental, e de primeira, que daban a ampliación. Lexislábase que houbera un instituto en cada capital provincial, sen especifica-la categoría. Dependía da importancia da poboación. En determinadas provincias había institutos locais, ós que estaban suxeitos os colexios privados.

Tres aspectos poden ser considerados na vida dos institutos: a organización docente, o alumnado e o réxime económico (ENCISO RECIO, Int. a SANZ DIAZ, 1985, pp. 12-14). A organización dependía dun director, designado polo Goberno de entre os catedráticos do centro e axudado por un vicedirector e un secretario. A Xunta de profesores tiña carácter consultivo. O profesorado estaba integrado por catedráticos estables no emprego, pero mal pagados, e por substitutos.

Respecto ó alumnado, era tratado con bastante paternalismo. Máis que ofrecerlle programas pedagóxicos e renovadores, o que preocupaba era a disciplina e a regulamentación dos exames. A financiación baseábase nas matrículas, nas rendas de memorias, fundacións ou obras pías e, sobre todo, nas subvencións de concellos e deputacións.

O Plano Pidal de 1845 sufriu retoques nos gobernos de 1847, 1849, 1850 e xa no proxecto de lei de ALONSO MARTINEZ de 1855, que recollía as grandes innovacións do liberalismo, e que pasou, casi literalmente, ó texto articulado da **Lei MOYANO** de 1857. Esta lei pode ser considerada como a nosa primeira Lei Xeral de Educación, que non sería substituída por outra de carácter xeral ata 1970.

Pola Lei Moyano, a primeira ensinanza dividíase en elemental e superior. A elemental era obrigatoria de seis a nove anos (completa ou incompleta). En cada pobo de 500 almas debería existir una escola pública elemental de nenos e outra, anque fora incompleta, de nenas. Nas capitais de provincia e pobos superiores a 10.000 habitantes estableceríase ademais unha escola de párvulos. Para ser maestro había que te-lo título correspondente. Para escolas elementais incompletas e de párvulos, era suficiente un certificado de aptitude e moralidade expedido pola Xunta Local e visado polo Xefe Político (hoxe, Gobernador Civil).

A segunda ensinanza comprendía os estudos xerais e os de aplicación. Nos primeiros, unha etapa de dous anos e outra de catro, cunha reválida entre ambas. Accedíase ós 9 anos, despois dun exame de elemental completa. O final, un título de Bachiller en Artes. Logo seguíase un curso preparatorio. Os estudos de aplicación fan dirixidos ás profesións industriais, acadando o título de perito.

A terceira ensinanza quedaba estruturada en Facultades, ensinanza superior (enxeñeiros e arquitectos) e as chamadas ensinanzas profesionais, de onde arrancan as Escolas Normais.

O lexislador regula non soamente a uniformidade de libros, horarios e sistema de estudos, senón o réxime económico, profesorado e estrutura administrativa dos institutos.

Anque nos imos profundizar nesta cuestión, lembremos que, despois do reinado de Isabel II, tivo lugar entre 1868 e 1874 o chamado “**Sexenio Revolucionario** ou **Sexenio Democrático**”. O Decreto de 21 de outubro de 1868 eliminaba todo programa oficial e concedíase ós profesores a **liberdade** de elixir-los libros de texto e de utiliza-los métodos que consideraran máis axeitados. Incluso estívose a punto de suprimi-los exames.

Durante o Sexenio distinguíranse os pertencentes ó movemento **krausista**, con figuras como Fernando de CASTRO, GINER DE LOS RIOS, etc. Deféndese na segunda ensinanza a inclusión da Fisioloxía e Hixiene, a supresión da Relixión, a intensificación da Lingua e Literatura Españolas, unha nova orientación da Historia (división por idades, fronte á anterior conforme a criterios espaciais), a presenza da Antropoloxía, etc. Entre as disciplinas científicas, suprimíase a Historia Natural, substituída pola Bioloxía; engadíase unha serie de asignaturas novas: Arte, Dereito, Agricultura, Industria e Comercio. Hai certas diferencias entre o proxecto de segunda ensinanza de 1868 e o de 1873. Destaca neste último a participación do galego Eduardo CHAO.

Logo, coa chamada “Segunda Cuestión Universitaria”, que tivo como centro ó ministro Orovio, iníciase unha etapa de involución. Na contestación a este movemento represivo e involucionista, que curiosamente se orixinou na Universidade de Santiago de Compostela cos profesores krausistas Augusto GONZALEZ LINARES e Laureano CALDERON, debemos salienta-la participación de moitos profesores de segunda ensinanza, entre eles Manuel VARELA DE LA IGLESIA e Enrique SERRANO FATIGATI, os dous do Instituto de A Coruña.

A **Institución Libre de Ensinanza**, que aparecería en 1876, mostrouse totalmente contraria os exames na segunda ensinanza (non ó que entendemos hoxe por avaliación continua por parte de cada profesor, que ese é outro tema). Liberdade de creación de centros e liberdade de “cátedra” foron algunhas das manifestación do movemento institucionista. Despois, no longo período da Restauración, a problemática da segunda ensinanza quedaría enmarcada dentro do proxecto xeral da política educativa daquel tempo.

## 2. A FORMACIÓN DO PROFESORADO DE ENSINO SECUNDARIO

RUIZ BERRIO (1988, p. 186) aporta unhas breves, pero atinadas referencias, sobre as dificultades de reclutamento de profesorado para o ensino secundario na época que estamos tratando. Di que o principal problema foi precisamente a falta de profesorado, especialmente dende 1840 a 1855; pero a necesidade que as clases medias tiñan desta ensinanza e dos seus resultados permitiu que se foran capeando as dificultades e se pasara á segunda parte do século con bos claustros de catedráticos.

Segundo a LORENZO VICENTE (1991), diremos que o profesorado de ensino secundario considerouse tradicionalmente con suficiente preparación para a docencia, simplemente con adquiri-la formación “científica”. Como intentos de formación pedagóxica e práctica, o autor sinala as seguintes experiencias:

A **Escola Normal de Filosofía**. Funcionou entre 1846 e 1852, enfocada dun xeito semellante á primeira Escola Normal de mestres. Nunha primeira etapa (1846-50), a ensinanza duraba tres anos, concluídos estes con boas notas tíñase dereito a ser colocado sen previa oposición nas correspondentes cátedras. Necesitábase estar en posesión do Bacharelato de Filosofía. Organizábase en tres seccións (Literatura, Ciencias Físico-Matemáticas e Ciencias Naturais). Nunha segunda etapa, ampliouse o plano de estudos a catro anos. Cursábanse asignaturas de Psicoloxía (segundo), Pedagogía e Métodos de Ensinanza (terceiro) e exercicios de Pedagogía (cuarto).

A experiencia non tivo continuidade. No resto do século XIX considerouse suficiente coa formación “científica”. Anque a nosa intención é centrarnos unicamente no XIX, xa, coa chegada do século XX, podíamos facer referencia as seguintes tentativas:

- **Cátedra de Pedagogía Superior** (1901-1932).
  - **Instituto-Escola** (1918-1936).
  - **Sección de Pedagogía** (1932-1936).
  - **Traballos no CSIC o 2 cursos de práctica** (década dos 50).
  - **Escola de Formación do Profesorado de Grao Medio** (1964-1970).
  - **Certificado de Aptitude Pedagóxica** (dende a Lei de Ordenación da Ensinanza Media, de 1953).
- Cando redactamos este traballo, está recente a chegada do R.D. 1692/1995, de 20 de outubro (BOE, 9 de novembro), polo que se regula o **título profesional de especialización didáctica**, mediante un curso de **calificación pedagóxica**, sinalada xa na LOXSE. Iníciase, pois, unha nova época para a formación do profesorado de ensino secundario.

### 3. DIFICULTADES DE ACCESO DAS MULLERES O BACHARELATO

Nunha comunicación presentada ó VI Coloquio de Historia da Educación celebrado en Santiago, VIÑAO FRAGO (1990, pp. 567-577) referíase ó bacharelato como un espazo social e académico netamente masculino durante todo o século XIX. O profesor Viñao describenos situacións curiosas que viviron as alumnas do XIX que se “atrevían” a iniciar este tipo de estudos, dende a separación física-académica-institucional ata a ensinanza preceptorial doméstica ou en colexios privados.

Entresacamos algúns dos datos que aporta VIÑAO FRAGO (1990, pp. 567-574). Di o autor que o espazo do Instituto era un espazo social masculino. A ningún pai se lle ocorría matricular a unha filla nun Instituto. Como moito, nun colexio feminino, relixioso ou seglar. A situación empezou a modificarse durante o Sexenio Revolucionario:

“Un día, hacia 1871, un pai diríxese á Secretaría do Instituto provincial máis próximo e pretende matricula-la súa filla como alumna oficial. Cunde a sorpresa, o desconcerto. ¿Que facer? O habitual nestes casos. Non decidir e traslada-la petición ó Ministerio de Fomento para que éste resolvera. A Orde da Dirección Xeral de Instrucción Pública, de 2 de setembro de 1871, adoptada a consulta do Rector da Universidade de Barcelona e Instituto da mesma cidade, (...) [autoriza] a D<sup>a</sup> María Maseras y Rivera -como dicía xa se fixera cunha alumna do Instituto de Huelva, D<sup>a</sup> Antonia Arrobas, por outra Orde de 25 de maio do mesmo ano- a cursar estudos de segunda ensinanza nun establecemento oficial. (...) [Pero], debían prepararse e estudar “privadamente”, ou sexa, seguindo a chamada ensinanza doméstica ou libre con profesor ou profesores particulares” (op. cit., p. 568).

Engade o autor que “o **modelo** baseado na **exclusión** era deste modo **substituído polo da separación física-académica-institucional**. Pero -e aquí comezan os problemas- “como as solicitudes femininas de matrícula oficial ían en aumento, unha Orde telegráfica de 19 de outubro de 1882, dirixidas ós Rectores de Universidade, admitía a matrícula universitaria das que xa tiveran o título de bacharel, pero prohibindo no sucesivo “a las Señoras” cursar la segunda enseñanza. Un ano máis tarde, unha R.O. de 25 de setembro de 1883 recoñecía de novo o dereito antes negado, pero non o de cursar despois estudos universitarios”.

Pero, ¿podían obte-lo título de bacharel as alumnas que cursaban a segunda ensinanza de forma privada ou doméstica. Novos problemas. A Orde de 22 de xullo de 1878, dirixida ó Rector da Universidade de Sevilla, di que

“considerando que o título de que se trata non leva consigo o de ningunha profesión, de ningunha clase de función pública (...) esta Dirección Xeral tivo a ben resolver, que tanto á alumna do Instituto de Sevilla, D<sup>a</sup> Encarnación del Aguila y Sánchez, como a cantas no sucesivo estiveran no mesmo caso, pode e debe expédírselles o título de Bacharel” (op. cit., p. 569).

Unha Orde do 11 de xuño de 1888 indicaba que as mulleres podían ser admitidas na universidade e segunda ensinanza “como alumnas de ensinanza privada”, e que se algunha solicitaba “matrícula oficial” se elevara a consulta a fin de resolver “segundo o caso e as circunstancias da interesada” (op. cit, pp. 569-70). Di o autor que esta normativa mantívose ata a R.O. de 8 de marzo de 1910, que deu paso a outra baseada na separación, primeiro, na aula, a causa do escaso número de alumnas oficiais, e, máis tarde, en espazos e aulas diferentes do mesmo edificio ou centros masculinos e femininos en edificios independentes.

Viñao segue describindonos situacións curiosas: esta recollida de *Recuerdos del Instituto San Isidro de Madrid*, testimonio autobiográfico de Ramón Ezquerro Abadía:

“Nunha delas, a clase de latín de 2º curso, a cargo de Enrique Barrigón, un sacerdote ‘pouco partidario de que a muller estudiase’, este profesor ‘para evitar tentacións colocou ás alumnas non ó lado do profesor ou na primeira fila, senón na última, para que non se as vese”.

“A outra, na clase do profesor de Física e Química, Luís Olbés, home calificado de ‘ríxido, seco, autoritario, nada afable .... que tiña a clase nun puño’ (...) Causou asombro e case que espanto cando o severo Olbés ordenou que en lugar de estar na tarima en torno ó profesor ocupara cada unha o lugar que lle correspondía polo seu número. Pero naquela clase nadie ousaría propasarse” (op. cit., pp. 571-72).

O profesor Viñao continúa relatándonos interesantísimas escenas, como a do diario doutro estudante do Instituto San Isidro, José Gaviña Martín, con abundantes referencias ás compañeiras, as “bachilleras” (coquetas, chismosas, pícaras, faladoras, marisabidillas, etc.), que dispoñían dun local específico onde eran confinadas, e onde a función da “bedela” era “telas encerradas nesta sala de descanso e evitar que ‘devaneen’ polos pasillos...sendo capaz de sacarlle os ollos ó ousado que entrara no xineceo” (op. cit., p. 572-73).

Neste senso, como ben di VIÑAO FRAGO nestas extensas citas que merece a pena recoller (1990, p. 574-75) os estudos normalistas públicos foron unha solución e manifestamente aceptados para a formación da muller. Sen embargo, mentras que nas Escolas Normais había un currículo con diferencias significativas para homes e mulleres, no caso do bacharelato as disciplinas e programas foron sempre similares, se exceptuámo-las denominadas Ensinanzas do Fogar ou Formación Manual, introducidas xa neste século, no Plano de 1953. Había algunha outra diferenza derivada do profesorado, como, por exemplo, os Instructores de Frente de Xuventudes (para alumnos) e da Sección Feminina (para alumnas), con campamentos e albergues distintos, xa tamén durante o franquismo. Había, igualmente, algunha outra diferenza relacionada coa disciplina en si, como foi o caso da Ximnasia ou Educación Física, introducida como asignatura obrigatoria no Bacharelato en 1892; tanto os exercicios e xogos como incluso a vestimenta (“pololos” ou “cucos”, no caso das mulleres) eran parcialmente distintos.

## REFERENCIAS BIBLIOGRAFICAS

- BARREIRO FERNANDEZ, X. R. (1982): *Historia Contemporánea de Galicia III*. A Coruña, Gamma.
- BARREIRO FERNANDEZ, X. R. (1991): “A formación de selectos: notas para o estudio do ensino secundario en Galicia”, *Galicia. Historia*. A Coruña, Hércules, t. VI, pp. 127-151.
- CASTRO Y MARCOS, M. de (1927): *Legislación vigente de instrucción pública referente a los institutos nacionales de segunda enseñanza*. Madrid.
- FARIÑA CASALDARNOS, M. C. (1985): *La enseñanza secundaria en Santiago. El Instituto A. Gelmírez (1845-1857). Estudio documental*. Universidade de Santiago de Compostela, Facultade de Filosofía e Ciencias da Educación (Tesiña de Licenciatura, inédita).
- FARIÑA CASALDARNOS, M. C. (1986): “El profesorado y su situación profesional. Un estudio realizado a través del Archivo del Instituto Gelmírez de Santiago”, *Materiais Pedagógicos*, 2, pp. 29-34.

- FARIÑA CASALDARNOS, M. C. (1987): “La cátedra de latinidad a través de los planes de estudio (1845-1852)”, *Historia de la Educación*, 6, pp. 183-191.
- GIL DE ZARATE, A. (1855): *De la instrucción pública en España*. 3 vols. Madrid, Imprenta del Colegio de Sordomudos.
- LORENZO VICENTE, J. A.: “Perfil histórico de la formación del profesorado de Enseñanza Secundaria (1845-1980)”, *Escuela Española*, 28-2-1991.
- MADOZ, P. (1849): *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de Ultramar*. Madrid, Imprenta del Diccionario geográfico-estadístico-histórico.
- MEC (1979, 1982): *Historia de la Educación en España*. Tomos I, II e III. Madrid.
- PEDRET CASADO, P. (1946): “Prólogo”, en CABEZA DE LEON, S. e FERNANDEZ-VILLAMIL, E.: *Historia de la Universidad de Santiago*. Santiago de Compostela, CSIC, t.I, vol. I.
- PORTO UCHA, A. S. (1995): “Espaços masculinos e femininos na formação do magistério e bachareles. Os inícios da Escola Normal e do Instituto de Ponte-Vedra”, *Agália*, 42, pp. 217-226.
- PUELLES BENITEZ, M. de (1980): *Educación e ideología en la España Contemporánea*. Barcelona, Labor.
- RUIZ BERRIO, J. (1970): *Política escolar de España en el siglo XIX (1808-1833)*. Madrid, C.S.I.C.
- RUIZ BERRIO, J. (1988): “Las nuevas instituciones en la enseñanza en España”, en GOMEZ RODRIGUEZ DE CASTRO, F. et al. *Génesis de los sistemas educativos nacionales*. Madrid, UNED, pp. 159-202.
- RUIZ BERRIO, J. e NEGRIN FAJARDO, O. (1974): “La Educación de Príncipes”, *Historia de la Educación*. Madrid, UNED.
- SANCHEZ AGESTA, L. (1953): *Historia del constitucionalismo español*. Madrid, Instituto de Estudios Políticos.
- SANZ DIAZ, F. (1985): *La segunda enseñanza oficial en el siglo XIX (1843-1874)*. Madrid, MEC,
- SILVA, E. (1926): *El Plan de Estudios y arreglo general de las Universidades Españolas redactado en 1824 por el P. Manuel Martínez, Mercedario, Obispo después de Málaga*. Roma, Foro Itálico.
- VIÑAO FRAGO, A. (1982): *Política y educación en los orígenes de la España contemporánea. Examen especial de sus relaciones en la enseñanza secundaria*. Madrid, Siglo XXI.
- VIÑAO FRAGO, A. (1990): “Espacios masculinos, espacios femeninos. El acceso de la mujer al bachillerato”, *Mujer y Educación en España*. Universidade de Santiago de Compostela, Tórculo, pp. 567-577.
- VV.AA. (1994): *CL Aniversario do Instituto Provincial de Lugo*. Lugo, Servicio de Publicacións da Deputación Provincial.